CA4.5 - Compartir a experiencia de lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Comparte a experiencia de lectura en diversos soportes relacionando o sentido da obra coa propia experiencia.		
CA4.7 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais e outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do alumnado na lectura.	Establece vínculos entre os textos lidos, entre outros textos e entre outras manifestacións artísticas e culturais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Lectura autónoma.</li> <li>- Expresión, a través de modelos, da experiencia lectora e de diferentes formas de apropiación e recreación dos textos lidos.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitado dos textos escritos en lingua castelá atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos escritos en lingua galega atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.</li> <li>- Lectura guiada.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario español a partir da Idade Media ata o século XVIII.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario galego dende a Idade Media ata o século XIX.</li> <li>- Lectura guiada de fragmentos de obras relevantes do patrimonio literario universal da Idade Media ata o século XVIII.</li> <li>- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras. Discusións ou conversacións literarias, debates e disertacións literarias.</li> <li>- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias, en concreto, o achegamento ao contexto, á corrente literaria e ao autor ou autora, así como o establecemento de par</li> <li>- Relación e comparación dos textos lidos en lingua galega e lingua castelá con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e coas novas formas de ficción en función de temas, estruturas e linguaxes.</li> <li>- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios, atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos. Lectura con perspectiva de xénero. Visibilización do universo feminino. Lectura con perspectiva ambiental e ecolóxica, co</li> <li>- Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).</li> </ul>

## Contidos

- Modelos contextuais e xéneros discursivos de uso común na comprensión, produción e coprodución de textos orais, escritos e multimodais, breves e sinxelos, literarios e non literarios: características e recoñecemento do contexto (participantes e situación)

UD	Título da UD	Duración
7	Sociedades, territorios e retos do mundo actual	55

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Identificar os elementos da contorna física e humana e comprender o seu funcionamento e analizar as súas relacións naturais e humanas, presentes e pasadas, valorando o grao de conservación e de equilibrio dinámico.	Contesta a cuestións e identifica, enumera e relaciona gran parte dos elementos físicos e humanos da súa contorna, indicando con certo criterio cales foron os cambios e as permanencias do pasado.	PE	80
CA1.5 - Recoñecer os trazos que van conformando a identidade propia e dos demais, a riqueza das identidades múltiples en relación con distintas escalas espaciais e o recoñecemento das súas expresións culturais.	Explica de xeito comprensible as características das formas de vida, política, social e económica en diferentes escalas espaciais e comprende a relación de interdependencia cultural e as identidades.		
CA1.6 - Identificar os principais feitos históricos nos diferentes contextos e valorar os cambios que propiciaron nos aspectos ideolóxicos, sociais, políticos e económicos e xustificar que feitos do pasado teñen unha incidencia no presente.	Contesta con certa exactitude a preguntas sobre os feitos históricos relevantes dos inicios da Idade Contemporánea, relacionándoos entre si.		
CA1.9 - Coñecer, valorar e exercitar responsabilidades, dereitos e deberes e actuar en favor do seu desenvolvemento e a defensa dos valores constitucionais e democráticos.	Enumera os principios e valores do sistema democrático e contraponos a outros sistemas políticos e sabe o significado da Constitución e dos Estatutos Autonómicos, recoñecendo a súa importancia.		
CA1.7 - Valorar, protexer e conservar o patrimonio artístico, histórico e cultural como fundamento da nosa identidade colectiva, considerándoo un ben para o gozo recreativo e cultural e un recurso para o desenvolvemento dos pobos e apreciando o legado histórico, institucional, artístico e cultural como patrimonio común.	Identifica, explica e realiza un pequeno comentario dos diferentes estilos artísticos dos inicios da Idade Contemporánea e sabe comparalos establecendo diferenzas e semellanzas con estilos pasados.	TI	20
CA1.10 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	É capaz de elaborar esquemas, presentacións ou murais sobre as institucións estatais e as súas funcións e recoñece a importancia que teñen para promover un mundo máis xusto segundo os dezasete ODS.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Retos do mundo actual.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos e dos ciclos demográficos.</li> <li>- O espazo natural, rural e urbano e a súa evolución en España e Galicia.</li> <li>- Os sectores produtivos na Unión Europea, España e Galicia. A Unión Europea como exemplo do funcionamento dos mercados.</li> <li>- Sociedades e territorios.</li> <li>- Os réximes demográficos e o reto demográfico en España e Galicia. Migracións, multiculturalidade e mestizaxe que dan como resultado a diversidade social, ético-cultural e de xénero .</li> <li>- A distribución desigual de recursos e traballo. O emprego na sociedade actual.</li> <li>- Do éxodo rural á concentración urbana e o problema do despoboamento rural. A importancia do espazo público.</li> <li>- Organización política e económica das sociedades. Ordenamento normativo autonómico, constitucional e supranacional. Cidadanía europea e cosmopolita. España e Galicia na UE.</li> <li>- A transformación política dos seres humanos: da servidume á cidadanía. Transicións, revolucións e resistencias: permanencias e cambios na época contemporánea. A conquista dos dereitos individuais e colectivos na época contemporánea. Orixe, evolución e ada</li> <li>- Revolucións industriais e nacemento dunha nova sociedade.</li> <li>- A participación da muller nos procesos históricos do século XVIII.</li> <li>- As características xerais das novas expresións artísticas e culturais ata a metade do XIX. A personalidade independente de Goya. O patrimonio como ben e como recurso.</li> <li>- Compromiso cívico e social.</li> </ul>

#### **4.1. Concrecións metodolóxicas**

Poñerase en práctica neste ámbito unha metodoloxía flexible e aberta para abordar as materias que conforman a organización do curso, pois vai facilitar, grazas á combinación dos contidos de Comunicación e Ciencias Sociais, que o proceso de ensinanza-aprendizaxe se conciba dun xeito global e unitario. Con este enfoque metodolóxico, evítase a presentación de solucións únicas ás situacións ou problemas propostos que lle restan ao alumnado a posibilidade do descubrimento propio. Por iso, convén fomentar o deseño de actividades interdisciplinarias que integren os distintos contidos do ámbito para que o alumnado poida obter a máxima produtividade dos coñecementos impartidos en cada unha das materias.

Empregarase un enfoque eminentemente práctico que implicará a realización de tarefas variadas desde o punto de vista lingüístico e social. No referido á área de comunicación, elaboraranse actividades de creación de textos, vinculados aos ámbitos académico, social, xornalístico ou literario, tendo en conta a importancia da situación comunicativa, o rexistro e as estruturas gramaticais e pragmáticas apropiadas en cada caso. Proponse tamén a planificación de exposicións orais sinxelas ou debates sobre temas de actualidade, así como a lectura, a comprensión e a análise de textos orais e escritos de diversa índole.

Polo que se refire á elaboración de tarefas asociadas ás Ciencias Sociais, aproximarase á identificación e localización espacial e temporal de feitos xeográficos e históricos, de personaxes, de ideas, de movementos, de manifestacións culturais, literarias e artísticas, recoñecendo e analizando de maneira crítica as grandes transformacións da sociedade ao longo dos períodos históricos máis significativos e no mundo cambiante da actualidade, pescudando e

contrastando as informacións procedentes de distintas fontes co fin de procurar un coñecemento nítido da evolución histórica e social do ser humano. Por medio de actividades como deseño de rutas (histórico-xeográficas), simulacións históricas, investigacións sobre temas curriculares, elaboración de xornais de época, redacción de pequenos comentarios históricos e artísticos, exposicións orais..., incentívase a iniciativa do alumnado e a súa creatividade, sentíndose parte activa do proceso de ensinanza-aprendizaxe.

O proceso de ensino-aprendizaxe da lingua estranxeira desenvolverase desde un enfoque práctico orientado á acción e á comunicación a través de deseños fundamentados na análise de necesidades dirixidos a tarefas da vida real e construídos arredor de nocións e funcións seleccionadas deliberadamente.

Finalmente, a maioría das unidades didácticas son transversais xa que o tratamento da información e a comprensión e expresión oral e escrita na aprendizaxe das linguas deben ser traballadas ao longo de todo o curso.

## 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Documentos e recursos elaborados ou facilitados polo docente.
Textos variados en diversos formatos (orais, escritos ou multimodais).
Ferramentas TIC.
Boletíns con actividades de reforzo, ampliación e recuperación.
Materiais de investigación e consulta.
Recursos audiovisuais en inglés auténticos.
Caderno ou cartafol de traballo do alumnado.
Blogue do docente.
Novelas históricas, gráficas, cómics...
Material funxible.
Aula Virtual do centro.
Mapas xeográficos e históricos.
Libro de texto nalgunha das materias.

A selección dos materiais docentes que integran a programación didáctica do ámbito debe adaptarse ao modelo de intervención educativa proposto. Neste sentido, ha de dar resposta á adecuación e contexto do centro, á correspondencia cos obxectivos trazados, á coherencia cos contidos e temas transversais estudados e o seu grao de adquisición e dificultade e aos criterios de avaliación definidos para cada curso. Ademais, debe abarcar unha grande variedade de actividades individuais ou en grupo que poñan en práctica os conceptos e procedementos estudados e aborden axeitadamente a atención á diversidade na aula. Finalmente, todos os recursos utilizados han de presentar unha claridade expositiva que favoreza a inmediata comprensión oral e escrita do alumnado.

Así pois, empregaranse diversos materiais e recursos dixitais ou en formato tradicional elaborados polo docente. O uso de textos en diversos formatos e soportes tamén será esencial na metodoloxía deste ámbito e, finalmente, as ferramentas informáticas serán imprescindibles para alcanzar os obxectivos propostos.

O emprego de fichas de traballo, actividades interactivas, animacións, vídeos e aplicacións multimedia permiten o

reforzo, consolidación e afondamento das aprendizaxes adquiridas, a escoita activa, a empatía e o debate a través de tarefas de competencias próximas á realidade do alumnado. Favorece tamén a investigación sobre temas de actualidade e problemas reais e a activación de estratexias e mecanismos de comprensión lectora a partir de textos de diversas tipoloxías, posto que implica a procura de información, a interpretación e relación dos datos obtidos e a reflexión sobre o contido e a forma.

Finalmente, o uso das TIC constitúe un recurso ineludible, pois actúa como ferramenta fundamental para a obtención de información, a súa transformación en coñecemento propio e a difusión dos resultados de proxectos e traballos de investigación.

Non debemos esquecernos da Aula Virtual pois, ademais de ser un medio idóneo de conexión e comunicación entre o docente e o alumnado, permite, grazas ás ferramentas que contempla, deseñar diversas actividades facilmente corrixibles e puntuables coas que poder reforzar ou ampliar coñecementos.

No ámbito de L.castelá, L. galego e historia utilizaranse os recursos do bloglenguacabe.

### 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo de curso, realizarase unha avaliación inicial do alumnado co fin de detectar dificultades e adaptar o proceso de ensino-aprendizaxe. Esta avaliación inicial permitirá valorar as diferenzas académicas do alumnado e, deste xeito, poder atender á diversidade que nos atopamos na aula.

Dita avaliación inicial consistirá en probas que nos permitan coñecer as destrezas lingüísticas orais e tamén os coñecementos previos que teñen dos distintos ámbitos, a partir dos cales continuarán construíndo a súa aprendizaxe.

Ó comezo de cada unidade comprobarase o grao de coñecementos do alumnado referido ó tema que se vai a traballar, permitindo que se podan realizar propostas didácticas para abordar a unidade. Así mesmo, o docente poderá detectar as posibles confusións e incorreccións que os/as escolares teñen sobre os contidos a tratar e que precisan aclaración e rectificación.

### 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

#### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>10</b>	<b>15</b>	<b>15</b>	<b>20</b>	<b>20</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	50	10	61	60	60	70	80	<b>60</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	50	90	39	40	40	30	20	<b>40</b>

#### Criterios de cualificación:

Debemos ter en conta o carácter modular do curso á hora de avaliar pois iso significa ter que integrar as disciplinas que conforman o módulo; considerando, ademais, o carácter transversal dalgunhas das unidades, o que supón que van ser examinadas nos tres trimestres; e todo isto dentro dun proceso de avaliación continua. No caso da materia de historia, non se levará a cabo este tipo de avaliación.

A maioría das unidades didácticas traballaranse ó longo de todo o curso de xeito transversal posto que a oralidade, a expresión escrita, a investigación, a reflexión sobre o bo uso da lingua, etc. son aspectos fundamentais nas nosas asignaturas. En resumo, en cada trimestre trataranse de xeito proporcional cada unha das unidades. A avaliación estará adaptada ás necesidades e á evolución dos alumnos.

Para a avaliación teranse en conta tres aspectos como son o traballo e actitude na aula, os traballos encomendados tanto de carácter escrito como oral e o exame escrito. Nas probas escritas, sempre se especificará o valor de cada pregunta e farase a media das probas que se realizaron por avaliación.

Desta maneira, a porcentaxe de cada parte para calcular a nota da avaliación son os seguintes:

Exame ou exames: 60%

Traballos ou tarefas para entregar: 30%

Traballo e actitude de cara ó mesmo na aula: 10%

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de o/a alumno/a non aprobe será avaliado segundo o indicado nos criterios de recuperación.

Tras a realización dos cálculos, o alumno que non chegue a 5 terá que presentarse a unha proba extraordinaria en xuño dos contidos das tres avaliacións. Consistirá nun exame final no que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 nunha escala de 1-10 para ter o ámbito aprobado.

Durante ese período de tempo, faranse actividades de repaso e reforzo dos contidos estudados ao longo do curso. Revisaranse os cadernos, traballos de aula, para comprobar que están feitos (de non ser así, completaranse durante este período e deberán presentarse antes do exame final).

Na materia de lingua estranxeira, os procedementos de avaliación a ter en conta son:

-Nas probas escritas e orais da primeira avaliación avaliaranse os contidos impartidos nese trimestre. Nas seguintes avaliacións, pódense incluír contidos da anterior, ao ser o inglés unha materia de avaliación continua.

-O baremo será o seguinte:

Gramática e vocabulario 40 %

Comprensión oral: 10%

Expresión oral: 10%

Comprensión escrita: 10 %

Expresión escrita: 20 %

Traballo e actitude: 10 %

Enténdese como traballo a realización de exercicios escritos e orais, uso do material proposto polo docente e a corrección de exercicios ,tanto feitos na casa como na clase, o esforzo e a elaboración de traballos individuais e en grupo.

No que se refire á actitude, terase en conta a participación, o interese pola materia, o respecto ao profesor/á profesora e aos compañeiros/as e a atención.

Por outra banda, os instrumentos de avaliación e os criterios de corrección incluírán os seguintes puntos:

-Haberá a lo menos unha proba oral e escrita por avaliación.

-Realizaranse exercicios na aula/na casa para a posterior revisión ou para entregar ao profesor. Non se recollerá ningún traballo fora de prazo sen xustificar.

-Calquera proba de avaliación poderá considerarse suspensa e en tal caso corresponderalle o a calificación de 0 se existe constancia de que o alumno copiou, permitiu que o outro copiara do seu traballo ou participou en calquera actividade orientada a mellorar o seu resultado académico mediante procedementos deshonestos, tales como: "chuletas", intercambio de exames, uso do móbil, mp3, pinganillo, etc. Se non existe constancia, pero sí sospeitas fundadas de que o alumno copiou, ben sexa por incongruencias e fallos de coherencia moi destacables na redacción, fallos gramaticais e de ortografía inexplicables, realización de respostas diferentes ao que se lle pregunta, o docente decidirá se lle realiza outra proba oral e/ou escrita para que o/a alumno/a amose o seu nivel real.

Tódalas materias terán o mesmo peso á hora de poñela nota de cada avaliación do ámbito, co cal cada materia ponderará un 25%. A nota de xuño será a resultante da media entre as notas obtidas nas tres avaliacións trimestrais do seguinte xeito:

- a primeira avaliación terá un peso do 30% da cualificación final,

- a segunda avaliación terá un peso do 30% da cualificación final

- a terceira avaliación terá un peso do 40% sobre a avaliación final.

Se o alumno ou alumna non se presenta a unha proba, só se lle repetirá se a causa está xustificada e debidamente documentada, ou en caso de deber inescusable de carácter público ou privado. O xustificante debe entregarse o día da súa incorporación á aula.

### **Criterios de recuperación:**

Co alumnado que non aprobe as avaliacións levarase a cabo un plan de recuperación que consistirá na elaboración dunhas fichas de reforzo con diferentes propostas de tarefas sobre os contidos traballados que non se superaron e que lles sexan de axuda para a preparación do exame

Poderase facer unha proba escrita de recuperación sobre as preguntas propostas e previamente preparadas polo/a alumno/a que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor) e o traballo entregado tamén contará para nota.

Así, o exame terá un peso do 80% e os traballos do 20%. Na materia de historia poderase facer un exame por trimestre, e nas materias de lingua galega e castelán só se fará un exame final en xuño.

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza ou á baixa segundo o traballo e actitude o alumnado. Concretamos que a construción da nota da avaliación a recuperar establécese cos instrumentos da recuperación.

Todo o traballo será supervisado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación ordinaria, o alumnado poderá someterse a outra recuperación extraordinaria no mes de xuño consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe adxuntalo de novo.

Na materia de lingua estranxeira, o alumnado que non obtivera unha cualificación positiva nesta materia na avaliación ordinaria, deberá presentarse á proba de finais de xuño, que versará sobre todos os contidos do curso. A nota definitiva será a obtida en dito exame. A proba valorarase de 0 a 10 e constará dun exame escrito para avaliar os contidos gramaticais e de vocabulario de todo o curso, unha redacción sobre un tema proposto e a comprensión lectora. Para poder recuperar a materia pendente, a cualificación mínima obtida deberá ser igual ou superior a 3.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece o Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o/a alumno/a deberá seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas, destinado á súa recuperación e á súa superación.

O plan de reforzo será elaborado polo profesorado que imparte a materia que a alumna ou o alumno teñan pendente de superar, baixo as directrices do correspondente departamento didáctico e terá como referentes os obxectivos da materia e a contribución á adquisición das competencias. Igualmente, será un plan que se adapte ás particularidades de cada alumno destinatarios. O departamento didáctico velará pola realización do plan por parte da alumna ou do alumno.

O alumnado coa materia pendente será convocado ao inicio do curso para explicarlle o plan de recuperación.

Aqueles/as alumnos/as coa materia pendente presentaranse á totalidade da materia do curso anterior en maio. Cada profesor encargárase de proporcionarlle exercicios de repaso de toda a materia do curso ou cursos correspondentes ao seu alumnado no mes de novembro. Estes exercicios deberán entregalos antes do exame de pendentes.

O baremo é o seguinte:

Exercicios: 3 puntos

Exame: 7 puntos

O exame de lingua estranxeira constará de contidos gramaticais e de vocabulario de todo o curso, dunha redacción sobre un tema proposto e da lectura comprensiva dun texto. En canto ós exames de lingua galega, castelá e historia, estes estarán compostos por contidos impartidos no curso a recuperar.

Á convocatoria de maio só terá que acudir o alumnado que suspenda a primeira e a segunda avaliación do presente curso. O alumnado que non acade unha cualificación positiva no exame de maio, terá a oportunidade de superar a materia pendente na proba final de recuperación do presente curso no mes de xuño. A cualificación mínima para superar a materia pendente será 3.



## 6. Medidas de atención á diversidade

As medidas ordinarias de atención á diversidade responden ás instrucións da orde do 8 de setembro de 2021 que regula a atención á diversidade do alumnado.

As medidas de atención á diversidade serán as seguintes:

1. Adaptación dos graos de consecución dos criterios de avaliación.
2. Gradación da dificultade das actividades de aprendizaxe.
3. Actividades diversas e variadas adaptadas aos distintos ritmos de aprendizaxe.
4. Materiais e recursos diversificados e inclusivos (DUA) que se adapten ás necesidades individualizadas do alumnado.
5. Actividades de reforzo e consolidación.
6. Aprendizaxe por Proxectos.
7. Traballo colaborativo.
8. Procedementos e Instrumentos de avaliación variados e individualizados.
9. Flexibilidade nos tempos de realización de tarefas e probas.
10. Retroalimentación ao alumnado sobre o seu proceso de aprendizaxe.

### PROTOCOLO DE SEGUIMIENTO DO ALUMNADO QUE PERMANECE UN ANO MÁIS NO MESMO CURSO:

Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso

En cumprimento do artigo 52 da Orde do 8 de setembro de 2021 pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado, o equipo docente coordinado polo profesorado titor elaborará un plan específico personalizado que ten como finalidade adaptar as condicións curriculares ás necesidades da alumna ou do alumno, para tratar de superar as dificultades detectadas.

O plan específico personalizado incluírá, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

## 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.1 - Educación para a Igualdade.	X	X	X	X	X	X	X

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7
ET.2 - ODS.	X	X	X	X	X	X	X
ET.3 - Prexuízos lingüísticos.	X	X	X	X	X	X	X
ET.4 - Comprensión lectora.	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - Expresión oral e escrita.	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A comunicación audiovisual.	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - O emprendemento social e empresarial.	X	X	X	X	X	X	X
ET.8 - O fomento do espírito crítico e científico.	X	X	X	X	X	X	X
ET.9 - Educación emocional.	X	X	X	X	X	X	X
ET.10 - A creatividade.	X	X	X	X	X	X	X

#### Observacións:

Todos estes elementos transversais serán abordados ao longo do curso, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación emocional e a comunicación audiovisual, os prexuízos lingüísticos e o fomento do espírito crítico serán traballados en todas as unidades didácticas debido ao carácter do ámbito.

O resto dos elementos transversais serán traballados de forma coordinada con contidos máis específicos e a través de colaboracións con distintos departamentos

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Charlas e conferencias.	Interdisciplinar. Asistencia a conferencias e charlas de interese histórico, literario, artístico.			
Visita a Museos, Arquivos, Bibliotecas.	Interdisciplinar. Posibilidade de facer unha visita en cada avaliación.			
Visita a centros empresariais, fábricas...	Coñecemento da contorna.			
Posibilidade de asistir a unha obra de teatro en inglés.	O alumnado terá oportunidade de desfrutar dunha obra artística na lingua inglesa para posteriormente realizar unha posta en común das impresións suscitadas.			

#### Observacións:

Todas elas axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe. Permiten a socialización, a creatividade e descubrir habilidades do alumnado fóra do ámbito escolar, ademais de saír da rutina.

Ditas propostas xa están deseñadas, por cada departamento, na PXA do centro.

## 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

<b>Indicadores de logro</b>
O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e temporalización.
Secunciáronse de maneira adecuada as unidades didácticas.
Usáronse diferentes instrumentos de avaliación.
Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas.
Ao comezo de cada unidade, infórmase ao alumnado sobre os obxectivos propostos, as competencias que se van a desenvolver, as actividades que se realizarán e os instrumentos e criterios de avaliación.
Ao inicio de cada unidade didáctica, realízase unha introdución sobre o tema e actividades de recoñecemento e activación dos coñecementos previos do alumnado ao respecto.
Os contidos e actividades de cada unidade didáctica parten dos coñecementos previos do alumnado, vinculándose cos seus intereses e necesidades, e favorecen a construción progresivamente autónoma de novas aprendizaxes.
Leváronse a cabo medidas de reforzo educativo dirixidas ao alumnado con dificultades de aprendizaxe, propoñendo novas actividades que faciliten a adquisición dos obxectivos non acadados.
Empregáronse recursos e materiais didácticos variados (impresos, dixitais, audiovisuais, aplicacións informáticas de carácter educativo...)
As actividades propostas son variadas en canto á súa tipoloxía e sistema de traballo (individual, por parellas, en pequeno grupo, en gran grupo), favorecendo a adquisición das competencias clave.
Desenvolvéronse procedementos e actividades de recuperación para o alumnado con algunha avaliación suspensa.

### Descrición:

Os indicadores de logro arriba enumerados pretenden avaliar a planificación, o proceso de ensino e a práctica docente. Recolleranse os datos ao rematar o curso académico, indicando as propostas de mellora, e teranse en conta os resultados para cursos posteriores, modificando aqueles aspectos que non acadaron unha cualificación positiva.

## 8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens e os resultados serán recollidos nas actas de departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación e tamén se terá en conta o seguimento das unidades didácticas (sesións previstas, graos de cumprimento...).

Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos.

## 9. Outros apartados